

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 5 DE MARZO DE 2015.**

## **ASISTENTES:**

### PresidentA:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

### Concelleiros:

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

D<sup>a</sup>. Silvia Mosteiro Monterroso

### Secretaria-Interventora:

D<sup>a</sup>. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 09:40 horas do día cinco de marzo de 2015 xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

Feron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pásanse a tratar o asunto incluído na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/02/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación que formular algunha observación á mesma. Por parte da concelleira Dna. Isabel Sesar Otero sinala que no punto 5.1.- Aprobación de facturas aparecen dúas facturas da empresa Exatic, S.L polo mesmo importe, unha con data 2014 e outra con data 2015. Tamén se sinala pola mesma concelleira que non se dou conta expresa dos decretos que se fan constar no mesmo punto, ditados en avocación polo Alcalde. Sinala Secretaría que son erros a rectificar e que de ditos decretos ditados en avocación pode dárseles copia literal.

Dándose a Xunta de Goberno Local por enterada do contido dos decretos

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/02/2015 coa rectificación arriba sinalada no referente a eliminación da factura con data 2014 da empresa Exatic, S.L.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 09:49 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez